



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO, MEMORIA HISTÓRICA

##### Anuncio

#### CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2022: RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos, na anualidade 2022 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o vinte e seis de agosto de dous mil vinte e dous, acordou:

*“1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2022, de acordo aos criterios de valoración e contías máximas e mínimas previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións e puntuacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.*

*2º.- O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Que se publicará así mesmo na páxina web da Deputación.*

*3º.- Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base décima da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”*

En aplicación do previsto no referido acordo e na base décima, RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓNS das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP núm. 204 do martes, 6 de setembro de 2022 (**RESOLUCIÓN PROVISIONAL PREMIOS DEPORTISTAS RALLYS 2022(PÁX.3, R. 2503)** da notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para que os interesados puideran presentar alegacións. O referido acordo publicouse así mesmo na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>

En consecuencia e en aplicación do indicado, o acordo de carácter provisional de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o vinte e seis de agosto de dous mil vinte e dous, terá carácter definitivo por finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procédese á publicación no BOP de Lugo do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Así mesmo, procédese á súa publicación na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>

Ao abeiro do previsto na base décima, RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓNS das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP de Lugo. Así mesmo, realízase a súa publicación na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto na base 21. *Réxime de recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 29 de setembro de 2022.- O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019.- O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón,- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2789

## CONCELLOS

### GUITIRIZ

#### *Anuncio*

Aprobado por Decreto da Alcaldía de 28 de setembro de 2022, o padrón da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase (vaos), correspondentes ao exercicio 2.022, expónse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, ao efecto de exame e reclamacións, entendéndose que, no caso de non formularse reclamacións quedará elevado a definitivo.

Contra o mencionado padrón, poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, dende a finalización do prazo de exposición pública, ante a Alcaldesa deste Concello, ou calquera outro recurso permitido polo ordenamento xurídico.

O pago das Taxas de este anuncio será en período voluntario dende o día 5 de outubro ata o día 5 de decembro de 2021 (ambos incluídos), de luns a venres e de nove a catorce horas, na tesourería municipal ou nas entidades financeiras colaboradoras.

Advírtese aos contribuíntes que transcurrido o prazo de ingreso sinalado en período voluntario das taxas, as débedas esixiranse por vía de constrinximento, recargas, xuros de mora e custas que se produzan.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ao amparo do art. 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 28 de setembro de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2790

#### *Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de agosto de 2022, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de agosto de 2022 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2022, que comprende os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de agosto de 2022, integrado por 25 recibos por importe total de 217,50 €.

2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de agosto de 2022, integrado por 13 recibos por importe total de 3.551,86 €.

3.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrencia e dependencia correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2022, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrencia: 2.996,07 €
- Modalidade dependencia: 10.327,50 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de agosto de 2022, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de agosto de 2022 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2022, terá lugar dende o día 20/09/2022 ao 20/11/2022(ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 24 de setembro de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2791

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE AGOSTO 2022**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 15 de setembro de 2022 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de agosto de 2022 de acordó co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de agosto: 3726,86 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de outubro de 2022 e o 01 de decembro de 2022. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 22 de setembro de 2022.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2793

## SOBER

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 29 de setembro de 2022, aprobouse o Padrón fiscal pola Asistencia a Escola de Música do Concello de Sober, correspondente ao 2º prazo do curso 2021-2022.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 29 de setembro de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2792

### *Anuncio*

O Pleno ordinario celebrado o día 29 de setembro de 2022 aprobou a modificación do prezo público pola actividade de Escola infantil no Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Sober.

De acordo co previsto no art. 45 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas procede a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e no BOP, a efectos da súa publicidade.

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE GUARDERÍA INFANTIL NO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA (PAI) DO CONCELLO DE SOBER**

### **Artigo 1.- Fundamento legal**

En uso das atribucións conferidas nos artigos 41 ó 47 e 127 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece o prezo público polo servizo de guardería infantil no punto de atención a infancia (PAI) do concello de Sober.

### **Artigo 2.- Orzamento de feito**

1. A obriga de pagamento do prezo público xurdirá pola prestación, en rexime de xestión directa ou indirecta, do servizo de guardería infantil no punto de atención á infancia (PAI) do concello de Sober.

2. A dita obriga nace dende que se inicie a prestación do servizo de guardería infantil polo punto de atención á infancia do concello de Sober, aínda que a Corporación poderá esixi-lo depósito previo do seu importe total ou parcial, conforme ó artigo 46 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

### **Artigo 3.- Suxeitos obrigados**

Estarán obrigados ó pagamento das cantidades que se establecen como prezo público os que se beneficien dos servizos ou actividades polo que deban satisfacer aquel.

### **Artigo 4.- Contía**

1. A matrícula anual ascende a 100 euros.

2. A cota a satisfacer pola atención educativa será de 169,23 € mensuais con carácter xeral.

A aplicación deste importe realizarase segundo os tramos de renda da unidade familiar que se indica a seguir:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en diante IPREM. Prezo da praza 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 169,26 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no art. 5 desta ordenanza.

No caso de existir máis demanda que prazas ofertadas no PAI, terán prioridade as familias coa renda máis baixa nos termos expresados .

3. O cálculo da renda familiar farase do modo que se indica a seguir:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente ao 31 de decembro do ano ao que se refiran os datos económicos aos que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que comece o curso escolar, no cal se pretenda que forneza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeneral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de escolas infantís 0-3 para obter los datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar á que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda percápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce

#### **Artigo 5.- Exencións e bonificacións.**

1. Aplicarase un desconto do 100% da cota pola atención educativa e cota da matrícula segundo o establecido na disposición adicional novena de la Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia durante o curso escolar 2022/2023.

A entrada en vigor desta bonificación prodúcese o 1 de setembro de 2022.

Manterá a súa vixencia de prorrogarse a medida contemplada na dita Disposición adicional nos cursos escolares posteriores ao 2022/2023.

2. Excepcionalmente poderá concederse por resolución de alcaldía un desconto de ata o 100% da cota a satisfacer mensualmente por razóns económicas ou sociais que afecten ós usuarios, e que serán valoradas en función ó/ós informe/es que a traballadora social emita ó efecto

#### **Artigo 6.- Xestión**

1. O suxeito obrigado procederá a domicilia-lo pagamento do prezo público. Nestes casos ordenarase o cargo na conta bancaria facilitada, durante os primeiros 10 días de cada mes.

2. Cando por causa non imputables ó obrigado ó pagamento do prezo, o servizo non se preste ou desenvolva, procederá á devolución do importe correspondente.

3. As débedas por prezos públicos esixiranse polo procedemento de constrinximento.

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango opóñanse ao que se establece nesta Ordenanza, e en particular, a "ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE GARDERÍA INFANTIL NO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA (PAI) DO CONCELLO DE SOBER. publicada no Bop de Lugo num. 27 de data 3 de febreiro de 2021.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

O que se fai público para xeral coñecemento facendo constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen perxuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime conveniente.

Sober, 30 de setembro de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2797

---

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Sober en sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2022 aprobou inicialmente a modificación do Anexo de subvencións e mais a Bases de execución do Orzamento no tocante a subvencións (Base 35ª).

Por medio do presente expónse ao público polo prazo de quince días laborais, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados/ as poidan examinalos e presentar as reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co previsto a tales efectos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Sober, 30 de setembro de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2798

*Anuncio*

Aprobado inicialmente por acordo plenario de data 29 de setembro de 2022, o expediente de baixa colectiva de dereitos (exercicios 1989-2017) e obrigas (exercicios 1991-2017) pertencentes á agrupación de orzamentos pechados, por duplicidades de asentos ou erros contables, prescrición, e outras causas que revelen a inadecuación da súa permanencia na contabilidade municipal, exponse ó público este expediente, polo prazo de vinte días laborais, contado desde o día seguinte ó de publicación deste anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan examinalo e presenta-las reclamacións, alegacións ou observacións que estimen oportunas.

Sober, 30 de setembro de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2799